

**ROSA ANA PRADA QUEIPO, SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA  
PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICO:** QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL O 15 DE XUÑO DE 2019. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE:

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 15 DE XUÑO DE 2019 DE  
CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL RESULTANTE DAS ELECCIÓNS  
CELEBRADAS O 26 DE MAIO DE 2019.**

No salón de actos da Casa de Cultura de Bertamiráns, ás doce horas (12:00 h) do día 15 de xuño de 2019, ten lugar sesión constitutiva da nova corporación local, previa convocatoria do alcalde en funcións, **José M. Miñones Conde** mediante decreto 1668/2019, para darlle cumprimento ao que se dispón nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), e nos artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais (ROF), aprobado polo Real decreto 2.568/1986 do 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e elección de alcalde/esa.

Reuníronse, en sesión pública, os/as señores/as concelleiros/as electos/as nas eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019, que son os/as seguintes:

<b>Candidatura do PSdeG-PSOE</b>	José Manuel Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	Susana Señorís Rodríguez
	Manuel Lens Cernadas
	Beatriz Martínez Domínguez
	Víctor Manuel Fernández Prieto
	Ana Belén Paz García
<b>Candidatura do Partido Popular</b>	Ramón García Argibay
	María Oliva Agra Costoya
	María Dolores Fernández Álvarez
	María Belén Castro Montenegro
	Francisco Javier Olmo Olmo
	Emilio Martínez Carballeira
<b>Candidatura BNG-Asembleas Abertas</b>	David Santomil Mosquera
	Natividade de Jesús González Rodríguez
	Escarlata Pampín López
<b>Candidatura Contigo Pódese</b>	Genma Otero Uhía
	Vanessa Vidal Freire
<b>Candidatura de Iniciativa Cidadá- Ames Novo</b>	Enrique Costas Bastero

Asísteos a secretaria da Corporación, **Rosa Ana Prada Queipo**, quen fai constar que se cumpriron os requisitos que preceptúa o artigo 7 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL) como trámites necesarios neste acto.

Asiste tamén a señora interventora do Concello, **Margarita Fernández Sobrino**, e a señora tesoureira, **Paloma Cainzos Orduna**.

#### **Punto Primeiro.- Constitución da Mesa de Idade.**

Procedeuse á formación a Mesa de Idade, integrada pola concelleira electa de maior idade, **M<sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez** e pola de menor idade, **Vanessa Vidal Freire** . Actúa como secretaria da mesa a que é da propia Corporación.

A presidenta da Mesa de Idade comproba que concorre a maioría absoluta do número legal de membros e declara constituída a nova Corporación Local, en aplicación do previsto no artigo 37 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e 195 da lei orgánica de Réxime Electoral Xeral, lei 5/1985, do 19 de xuño (LOREX).

Foi comprobado que os concelleiros/as electos/as achegaron declaración de intereses e credencial que esta ultima coincide coa acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona. Tamén foi comprobado que figura información do inventario municipal de bens e acta de arqueo.

#### **Punto Segundo.- Acto de acatamento á Constitución dos/as concelleiros/as electos/as.**

A continuación ten lugar o acto de acatamento á Constitución de todos/as concelleiros/as electos/as, segundo dispón o artigo 108 da LOREX, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

#### **Punto Terceiro.- Elección de alcalde/alcaldesa previa determinación do sistema de votación. Acto de acatamento á Constitución do alcalde/esa.**

Sometida a consideración da nova Corporación como sistema de votación para elección do alcalde/esa o de votación nominal, este acada a unanimidade de toda a Corporación Municipal. Procédese a continuación á elección do/a alcalde/sa, na forma prevista no artigo 196 da LOREX.

Son candidatos/as os/as concelleiros/as que encabezan as candidaturas que obtiveron representación electoral, José M. Miñones Conde, Ramón García Argibay, David Santomil Mosquera, Genma Otero Uhía, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz, polo Partido Socialista, Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Contigo Pódese, Iniciativa Cidadá - Ames Novo e Ciudadanos - Partido de la Cidadanía, respectivamente.

Renuncian a ser candidatos/as á Alcaldía os/as seguintes candidatos/as: Genma Otero

Uhía, David Santomil Mosquera e Enrique Costas Bastero.

Procédese á votación nominal para a elección do/a alcalde/sa, mediante chamamento a cada concelleiro/a. A votación ofrece como resultado que o candidato **José Manuel Miñones Conde**, que encabeza a candidatura do Partido Socialista, obtén un total de 13 votos, o candidato á Alcaldía polo Partido Popular **Ramón García Argibay** un total de 6 votos, o candidato á Alcaldía por Ciudadanos **José Ramón Oulego Erroz**, un total de 1 voto. O concelleiro Enrique Costas Bastero vota abstención.

A José M. Miñones Conde vótanlle os/as seguintes concelleiros/as: José M. Miñones Conde, Luisa Feijóo Montero, José Blas García Piñeiro, Susana Señorís Rodríguez, Manuel Lens Cernadas, Beatriz Martínez Domínguez, Víctor Manuel Fernández Prieto, Ana Belén Paz García, David Santomil Mosquera, Natividade de Jesús González Rodríguez, Escarlata Pampín López, Genma Otero Uhía, Vanessa Vidal Freire.

A Ramón García Argibay vótanlle os/as seguintes concelleiros/as: Ramón García Argibay, M<sup>a</sup> Oliva Agra Costoya, María Dolores Fernández Álvarez, María Belén Castro Montenegro, Francisco Javier Olmo Olmo, Emilio Martínez Carballeira.

A José Ramón Oulego Erroz vótalle o seguinte concelleiro: José Ramón Oulego Erroz

Á vista do resultado da votación e por obter a maioría absoluta do número legal dos membros que prevé a LOREX, a presidenta da Mesa de Idade proclama alcalde o candidato **José Manuel Miñones Conde**, do Partido Socialista.

De seguido, o elixido alcalde deste Concello, **José Manuel Miñones Conde**, que encabeza a candidatura do Partido Socialista, procede a cumprir a formalidade de acatamento á Constitución, segundo o previsto no Real decreto 707/1979, mediante a fórmula de promesa e pasa a ocupar a presidencia efectiva dende este mesmo momento.

O bastón de mando depositado na Mesa de Idade, entrégallo a presidenta da Mesa de Idade, María Dolores Fernández Álvarez.

A secretaria infórmao de que está á súa disposición toda a documentación correspondente á acta de arqueo extraordinario da Corporación asinada pola señora interventora e a señora tesoureira, así como o informe sobre a situación do Inventario Municipal de Bens.

#### **Punto Cuarto.- Intervencións do alcalde/esa e dos concelleiros/as**

Rematadas as intervencións, o señor alcalde convida os e as integrantes da nova corporación, a facer unha fotografía institucional para conmemorar o acto.

As intervencións deste punto figuran na vídeo acta desta sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente dá por rematada a sesión ás trece horas (13:00), do día de referencia, todo o que eu, como secretaria, certifico.

Visto e prace  
O alcalde

A secretaria